

Descrición	Tarifa (€)
Tipaxe HLA + HLA - B baixa resolución	90,00
Tipaxe HLA-A + HLA-B + HLA-Cw baixa resolución	145,00
Tipaxe HLA DRB1 baixa resolución	170,00
Tipaxe HLA DQB1 baixa resolución	50,00
Tipaxe HLA-A alta resolución	150,00
Tipaxe HLA-B alta resolución	150,00
Tipaxe HLA-Cw alta resolución	150,00
Tipaxe HLA-A + HLA-B alta resolución	270,00
Tipaxe HLA-A + HLA-B + HLA-Cw alta resolución	400,00
Tipaxe HLA-DRB1 alta resolución	270,00
Tipaxe HLA-DQB1 alta resolución	150,00
Tipaxe HLA-DRB3/4/5 alta resolución	150,00
Tipaxe HLA-DPB1 alta resolución	150,00
Tipaxe HLA-DQA1 alta resolución	150,00
Tipaxe HLA-DRB1 + HLA-DQB1 alta resolución	290,00
Tipaxe HLA-DRB1 + HLA-DRB3/4/5 alta resolución	290,00
Tipaxe HLA-DRB1 + HLA-DQB1 + DRB3/4/5 alta resolución	400,00
Extracción de mostra de sangue de doador de medula ósea	200,00
Estudo de aloimmunización contra antíxenos plaquetares (HPA + HLA)	390,00
NAT (PCR VIH + VHC + VHB)	150,00

C. Criopreservación.

Descrición	Tarifa (€)
Concentrado de hemácias criopreservadas	558,00
Criopreservación de proxenitores hematopoiéticos	769,20
Proba de compatibilidade para plaquetas	26,33

D. Sangue de cordón umbilical.

Descrición	Tarifa (€)
Unidade de sangue de cordón umbilical	22.500,00

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

Resolución do 14 de setembro de 2009 pola que se procede á publicación das subvencións concedidas en virtude da Orde do 1 de abril de 2009 de subvencións ás entidades de conservación, protección e promoción do Camiño de Santiago para o ano 2009.

En cumprimento do disposto nos artigos 18.1º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do artigo 9 da Orde do 1 de abril de 2009, de subvencións ás entidades de conservación, protección e promoción do Camiño de Santiago, procédese á publicación das subvencións concedidas en virtude da devandita orde para o ano 2009.

Obxecto da axuda: as axudas teñen como obxecto promocionar e incentivar ás entidades que realicen actividades de conservación, protección, promoción, investigación ou calquera outra que repercuta directa ou indirectamente nos camiños de Santiago en Galicia.

Norma reguladora: Orde do 1 de abril de 2009 de subvencións ás entidades de conservación, protección e promoción do Camiño de Santiago para o ano 2009 (*Diario Oficial de Galicia* nº 68, do 8 de abril).

Crédito orzamentario: 149.723,20 euros (cento corenta e nove mil setecentos vinte e tres con vinte

euros) na aplicación orzamentaria 12.03.433A-481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

Beneficiarios da subvención e importe desta: véxase anexo.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2009.

P.D. (Orde 2-5-2009)

Antonio Fernández-Campa García- Bernardo
Secretario xeral da Consellería de Cultura e Turismo

ANEXO

Entidade	Contía
1. <i>Fundación Propatrimonio Rois</i>	1.995,20 €
2. Amigos do Camiño Portugués a Santiago	2.600 €
3. <i>Asociación Cultural Pineiróns</i>	1.276 €
4. Grupo de Guías Sant Yago	660 €
5. Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide	2.320 €
6. <i>Asociación Amigos Delcamino Desantiago Denia Marina Alta</i>	2.070 €
7. <i>Asociación de Periodistas e Estudiosos do Camiño de Santiago</i>	6.000 €
8. <i>Asociación Efa Fonteboa</i>	1.725 €
9. <i>Asociación Xuvenil de Amigos Camiño de Santiago de A Peroxa</i>	1.877,34 €
10. <i>Asociación de Amigos del Camino de Santiago de Palencia</i>	1.350 €
11. <i>Asociación Cultural O Palacio do Rei</i>	2.103,75 €
12. <i>Asociación Cultural Amigos da Vía da Plata de Ourense</i>	1.560 €
13. <i>Asociación Amigos del Camino de Santiago por Valdeorras</i>	934,96 €
14. <i>Asociación de Amigos del Camino de Santiago en Internet</i>	4.889,50 €
15. <i>Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago</i>	3.246,72 €
16. <i>Asociación de Viandantes do Camiño Primitivo ou Ovetense</i>	5.760 €
17. <i>Centro de Estudos Jacobeus Caminhos Portugueses a Santiago de Comp.</i>	300 €
18. <i>Fundación Cume para el Desarrollo de Culturas y Pueblos</i>	6.745,50 €
19. <i>Asociación Histórico-Cultural O Camiño Inglés</i>	5.000 €
20. Centro Galicia Ponferrada	1.146 €
21. <i>Asociación Astur-Leonesa de Amigos del Camino de Santiago</i>	1.171,43 €
22. <i>Asociación Amigos del Camino de S. de Mansilla de las Mulas</i>	870 €
23. Mancomunidade de Municipios Galegos do Camiño Francés	15.000 €
24. <i>Asociación Centros de Enseñanza Internacional Marcote</i>	4.840 €
25. <i>Asociación Amigos del Camino de S. Astur Galaico del Interior</i>	2.490 €
26. Federación Española de Asociaciones de Amigos Camino de Santiago	450 €
27. <i>Asociación de Amigos del Camino de Santiago de Burgos</i>	690 €
28. <i>Asociación de Amigos del Camino de Santiago de El Bierzo</i>	540 €
29. <i>Asociación de Amigos del Camino de Santiago de Estella</i>	3.071,25 €
30. <i>Asociación de Amigos del Camino de Santiago de Madrid</i>	501 €
31. Cámaras de Comercio, Industria y Navegación de los Caminos Jacobeos	3.594 €
32. <i>Asociación Amigos del Camino de Santiago Vía de la Plata de Sevilla</i>	2.160 €
33. <i>Asociación Amigos del Camino de Santiago en Zaragoza</i>	1.830,90 €
34. Archicofradía Universal del Apóstol Santiago	4.500 €
35. Museo Comarcal da Fonsagrada	2.400 €
36. <i>Asociación Abrindo Camiño</i>	1.080 €
37. <i>Asociación Jacobea Paso a Paso</i>	2.550 €
38. Instituto Caminho do Sol	374,25 €
39. <i>Asociación Cultural, Musical Xuvenil de Palas de Rei</i>	390 €
40. Federació D'Associacions D'Amics del Camí de Sant Jaume de Catalunya	600 €
41. <i>Asociación del Camino de Santiago del Sureste de Valladolid</i>	600 €
42. Orden de Peregrinos del Camino de Santiago	2.400 €
43. <i>Asociación de Amigos de los Caminos de Santiago de Medina de Rioseco</i>	150 €
44. <i>Asociación Amigos Camino Santiago Ruta Vadiniense Picos de Europa</i>	240 €
45. <i>Asociación Amigos del Camino de Santiago en Ávila</i>	1.500 €
46. <i>Asociación Internacional de Peregrinos Ave Fénix</i>	1.455 €
47. <i>Asociación Salas en el Camino</i>	342 €
48. <i>Asociación Amigos del Camino de S. de Astorga y Comarca</i>	567,24 €

Entidade	Contía
49. Associação Brasileira dos Amigos do Caminho	321,30 €
50. Sociedad Flamenca de Compostela	1.815 €
51. Asociación Cultural Amigos de Ribadesella Camino de Santiago	180 €
52. Asociación Amigos de los Camino de Santiago Sureste-Novelda	2.667,76 €
53. Asociación Amigos del Camino de Santiago de Miranda de Ebro	900 €
54. Asociación Amigos del Camino de Santiago de Comunidad Valenciana	3.597,70 €
55. Asociación Amigos del Camino de Santiago de Santander	900 €
56. Asociación Jacobea Vallisoletana	1.884 €
57. Asociación Cultural Montecelo	2.420 €
58. Fundación Camiño de Santiago	3.800 €
59. Asociación Amigos del Camino de Santiago San Macario	999 €
60. Asociación Amigos del Camino de Santiago de Córdoba	479,40 €
61. Asociación Jacobea de Albacete	1.917 €
62. Centro di Studi Compostellani	3.300 €
63. Asociación Amigos do Camiño de Santiago do Cebreiro	6.000 €
64. Asociación Amigos del Camino de Santiago El Cagigal	1.800 €
65. Federación Camino del Norte de Santiago	1.200 €
66. Asociación Amigos del Camino de Santiago San Vicente de la Barquera	1.020 €
67. Asociación Amigos del Camino de Santiago Pulchra Leonina	105 €
68. Asociación Amigos del Camino de S. en la Provincia de Lugo	4.500 €

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Resolución do 24 de setembro de 2009, do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que se dita a normativa para a pesca da lamprea no río Tea e se fixa o período e condicións para presentar as solicitudes para participar no sorteo de postos de pesca no ano 2010.

De conformidade coa disposición transitoria segunda do Decreto 245/2009, do 30 de abril (DOG do 1 de maio), e coa disposición adicional cuarta da Orde do 25 de febreiro de 2009, pola que se establecen as normas de pesca nas augas continentais da Comunidade Autónoma de Galicia durante a temporada de 2009, na cal se faculta o delegado provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible en Pontevedra para ditar cantas normas sexan necesarias para a regulación da pesca da lamprea no río Tea e, co obxecto de que se realice un aproveitamento ordenado da dita pesca, se establece un réxime especial para o vindeiro ano 2010 que só poderá practicarse desde 700 metros augas abaixo da ponte romana de Pontearreas ata a confluencia do Tea co río Miño, coas limitacións que a continuación se indican:

-Os pescadores interesados nesta pesca deberán participar no sorteo público que celebre o Servizo de Conservación da Natureza, na data, a hora e o lugar que se fará público, no cal se indicarán os postos de pesca para a colocación das estacadas.

-Os medios que se empreguen serán a estacada, fisga (1 por pescador) e luz artificial. Enténdese por estacada a ponte ou pasarela de madeira situada en beiril sobre o río, perpendicularmente á dirección da corrente e cunha lonxitude máxima que non supera-

rá a metade do leito fluvial, apoiándose nun extremo na marxe do río e o resto sobre pilotes ou postes de madeira ou ferro, de xeito que non se impida a libre circulación das augas baixo ela.

No caso de que a suxeición da estacada a terra sexa ás árbores de ribeira, deberán tomarse as medidas necesarias para que as ditas árbores non resultan danadas.

-Antes de proceder á instalación das estacadas deberán estar en posesión de licenza de pesca e autorizados cos permisos de 4ª categoría para cada día, documentos que deberán levar consigo xunto co DNI durante a práctica desta actividade.

-Prohíbese ter na estacada un número superior de fisgas a pescadores con permiso presentes nela, así como pedras ou calquera outro instrumento que sirva para bater as augas ou espantar os peixes de xeito que se facilite a súa captura; serán todos eles responsables do incumprimento destas condicións.

-Así mesmo, prohíbese a atadura das fisgas a calquera tipo de cordeis.

-O período hábil de pesca será desde o 18 de xaneiro ata o 30 de abril.

-A pesca realizarase en días alternos, pescando os luns, mércores e venres desde as estacadas impares e os martes, xoves e sábados desde as pares. As persoas que pesquen os luns, mércores e venres comezarán ás 21.00 horas destes días e poderán facelo ata as 8.00 horas do día seguinte. As persoas que o fagan os martes, xoves e sábados comezarán ás 21.00 horas destes días e poderán facelo ata as 8.00 horas do día seguinte.

-Prohíbese a pesca desde as 21.00 horas dos domingos ata as 21.00 horas dos luns.

Requisitos que hai que seguir na instalación das estacadas:

-Deberán estar debidamente numeradas e situadas, de conformidade co recollido no anexo, onde as fixen sobre o terreo o persoal da Consellería do Medio Rural. En ningún caso se poderán montar fóra do lugar establecido, salvo por razóns excepcionais e logo de solicitude e autorización; e tampouco se poderá cambiar de marxe. No caso de que os adxudicatarios de dúas estacadas contiguas queiran montalas conxuntamente solicitarano previamente e, se é o caso, montarase no lugar correspondente á sinalada máis augas abaixo.

-Deberán ter acceso desde terra e, en ningún caso, as dimensións das estacadas superarán a metade do río.

-Non se poderá cortar vexetación de ribeira sen autorización do Servizo de Conservación da Natureza, de acordo co establecido na vixente Lei 7/1992, de pesca fluvial.

-Na iluminación da estacada só se poderán utilizar bombillas, quedando prohibido focos ou similares.

-Finalizado o réxime especial o día 30 de abril, os pescadores disporán dun prazo de 15 días para retirar